Abrín a xanela, por ela entraba unha brisa primaveral que me facía cóxegas, un murmurio incesante que me enchía de felicidade. Aquela casa encantada, fábrica de soños, facía que o meu cabelo crecho se revelara volvéndose indomable. Saín a fóra. A claridade do día resplandecía nas miñas meniñas producindo en min un fulgor estacional. Seguín o camiño que me levaba ao pozo e tirei unha moeda, a única actividade que realizaba durante estas xornadas atrapada na miña gaiola de cristal, aquela caixa forte de arelas que nunca se cumprirán era a miña única ilusión naquela vida tan monótona. Sabía que tiña que volver a casa para agocharme, os novos inquilinos estaban por chegar, non creo que lles gusten as pantasmas.